



Concello
de Nigrán

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA
DE VEHÍCULOS AO TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS
DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA
DE VEHÍCULOS, E POR CARGA E DESCARGA DE
MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE**



De acuerdo con el art. 72 del Reglamento de Población, así como de conformidad con las normas para la gestión y revisión del padrón municipal de habitantes, es necesario que manifieste en el plazo de QUINCE días desde la fecha de notificación, cual es su inscripción padronal actual. De no recibir contestación suya en ese plazo, entenderemos que usted está de acuerdo con su baja por inscripción indebida.

Expte _____ *Nome e Apelidos*

PMH/BII-14-26

Delia Andrea Ramírez

Meis, 8 de octubre de 2014.—El alcalde, José Luis Pérez Estévez.

2014008438

* * *

NIGRÁN

Aprobada definitivamente polo Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 25.09.2014 a modificación da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través das beiravías e reserva da vía pública para aparcamento excusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase”; cumprindo o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro da ordenanza fiscal citada:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

ARTIGO 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española (CE), e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 27 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa por entrada de vehículos ao través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial por entradas de vehículos a través de beirarrúas e a reserva da vía pública para aparcamentos exclusivos, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria (LXT) que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, por calquera título ou en precario, de conformidade con algún dos supostos que constitúen o feito imponible da taxa.

ARTIGO 4.—RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da LXT.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da LXT.

**ARTIGO 5.—CUOTA TRIBUTARIA.***a) Entradas a través de beirarrúas ou tramos descontinuos entre beirarrúas destinados ao paso de peóns:*

- 1.—Entrada a garaxes de comunidades e privados, para uso exclusivo de vivendas, metro lineal/ano:
 - 1.a) Até 3 vehículos...6 €.
 - 1.b) Entre 4 e 10 vehículos...20 €.
 - 1.c) Entre 11 e 20 vehículos...36 €.
 - 1.d) Máis de 20 vehículos...52 €.
- 2.—Entrada a establecementos industriais, comerciais, talleres de reparación, limpeza ou lavado de vehículos que non se dediquen a garaxes públicos, metro lineal/ano... 26 €.
3. Entrada a estacións de servizo ou revisión de vehículos, metro lineal/ano... 36 €.
- 4.—Entrada para máis de 20 prazas a superficies comerciais, edificios administrativos, naves industriais, exposición, venta ou aluguer de vehículos, hoteis, residencias, restaurantes, por praza/ano... 5 €.

b) Entradas sen beirarrúas para as que se solicite reserva exclusiva de espazo para entrada de vehículos:

- 1.—Entrada a garaxes de comunidades e privados, para uso exclusivo de vivendas, metro lineal/ano:
 - 1.a) Até 3 vehículos...3 €.
 - 1.b) Entre 4 e 10 vehículos...10 €.
 - 1.c) Entre 11 e 20 vehículos...18 €.
 - 1.d) Máis de 20 vehículos...26 € .
 - 2.—Entrada a establecementos industriais, comerciais, talleres de reparación, limpeza ou lavado de vehículos que non se dediquen a garaxes públicos, metro lineal/ano... 13 €.
 3. Entrada a estacións de servizo ou revisión de vehículos, metro lineal/ano... 18 €.
 - 4.—Entrada para máis de 20 prazas a superficies comerciais, edificios administrativos, naves industriais, exposición, venta ou aluguer de vehículos, hoteis, residencias, restaurantes, por praza/ano... 3 €.
- c) Aparcamentos de máis de 20 prazas abertos ao público, por praza/ano... 5 €.
 - d) Por reserva da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e carga e descarga de mercadorías, por m2/ano... 30 €.
 - e) Por cada placa de vado permanente, excluídas as do apartado a) que serán gratuítas na primeira entrega... 25 €.

ARTIGO 6.—BENEFICIOS FISCAIS.

So se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

1. O período impositivo coincidirá co ano natural.
2. Devéngase a taxa o día 1 de xaneiro de cada ano.
3. As altas no padrón surtirán efectos no primeiro día do semestre natural seguinte á solicitude ou alta de oficio, e notificaranse individualmente ao interesado.



4. As baixas no padrón deberanse solicitar expresamente polo suxeito pasivo, que deberá entregalas no rexistro xeral do Concello, adoptándose e notificándose o acordo correspondente que terá especialmente en conta a normativa urbanística aplicable; baixas que producirán efectos no padrón do exercizo seguinte ao do ano da solicitude de baixa.

5. De ser acordada a baixa no padrón, o interesado deberá entregar no Concello a placa de vado dentro dos cinco días seguintes ao de recepción da notificación do acordo correspondente; poidendo, no seu caso, o Concello eliminar o rebaixe na beirarrúa, colocar bolardos ou algún mobiliario público urbano ou instalación municipal compatible co uso da beirarrúa.

6. Nos supostos de nova ou posterior solicitude de entrada de vehículos ao través de beirarrúas, serán integramente a conta do solicitante os importes que, no seu caso, procedan polos gastos ocasionados ao Concello polas obras de rebaixe de beirarrúa, pola retirada de bolardos ou de calquera outra instalación ou mobiliario público urbano da beirarrúa.

ARTIGO 8.—NORMAS DE XESTIÓN.

As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal indicado nesta ordenanza fiscal deberán presentar no rexistro xeral do Concello solicitude, indicando según o caso, os metros lineais de entrada ou a superficie de aproveitamento, acompañada de plano de situación no termo municipal e fotografía da entrada ou do lugar do aproveitamento. Os servizos técnicos municipais informarán e tramitarán cada solicitude, e unha vez concedida, se procede, a correspondente licenza ou autorización, efectuada a liquidación tributaria e realizado o ingreso da taxa nos casos contemplados no artigo 5 apartado e) desta ordenanza, entregárase ao suxeito pasivo a placa de "Vado permanente" co número de licenza correspondente.

No caso de que un suxeito pasivo contribuínte da taxa non dispoña da placa de "Vado permanente", e a solicite, concederáselle esta sen necesidade de que os servizos técnicos municipais informen a solicitude. O pintado da entrada de cor amarelo no pavimento será a conta dos solicitantes. No caso de que fora necesario outro pintado especial ou sinalización vertical na calzada para garantir o xiro para poder entrar ou nos casos contemplados no artigo 5 apartado d) desta ordenanza serán realizados polo Concello e poderán cargarse os importes polos gastos ocasionados aos solicitantes.

ARTIGO 9.—INGRESO.

Unha vez producida a alta, a taxa exaccionarase por padrón, esixíndose o importe da mesma no prazo establecido para as débedas por recibo no Regulamento xeral de recadación (RXR) aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

ARTIGO 10.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ao disposto na LXT, no RXR, e na normativa de desenvolvemento.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor e comezará a aplicar desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra; permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Nigrán, 3 de outubro de 2014.—O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2014008403

* * *